



MOCIÓN DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA PARA SOLICITAR O APOIO Á MANIFESTACIÓN DO DÍA 6 DE ABRIL

O Grupo municipal do BNG no Concello de Betanzos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte **MOCIÓN** proposta pola Plataforma SOS Sanidade Pública:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, despois da gran manifestación celebrada cun enorme éxito en Vigo, organizada pola Plataforma de Vigo e o resto de Plataformas da área sanitaria, acordamos convocar unha nova manifestación en Compostela o día 6 de abril, ás 12h desde a Alameda, dada a nula resposta da Xunta de Galicia e da Consellaría de Sanidade ás reivindicacións que expuxemos de incrementar os recursos, mellorar a organización e o funcionamento da Atención Primaria; reactivar e aproveitar plenamente os recursos dos hospitais públicos para afrontar o incremento das listas de agarda; e frear a deterioración, desmantelamento e privatización de todo o Sistema Sanitario Público Galego por parte do PP galego.

As organizacións que formamos parte desta alianza social e profesional, consideramos fundamental o apoio dos Concellos (como administracións máis próxima aos problemas da cidadanía), e pedimos o apoio ás reivindicacións que expoñemos de maneira consensuada:

- **Máis Atención Primaria:** Centros de Saúde e PACs dotados de persoal suficiente de todas as categorías; ben equipados; accesibles en 24-48 horas como máximo; consultas presenciais a solicitude do paciente; reorientar a Atención Primaria á promoción, prevención, traballo comunitario e participación social.

- **Máis Atención Hospitalaria:** utilización plena dos recursos instalados en hospitais mañá e tarde; recuperar recortes nos hospitais comarcais; acabar coa política de concertación coa privada; restitución ao sistema público dos centros privatizados; plans para reducir listas de agarda e a non ocultación das mesmas; acabar coa precariedade laboral e recuperar a esixencia da dedicación exclusiva do persoal médico.
- **Máis Sanidade Pública:** incrementar o orzamento sanitario público; Plan de Saúde Galego que adapte os recursos ás necesidades; recuperar os servizos privatizados e as Áreas Sanitarias pechadas; potenciar a Saúde Pública para combater as posibles epidemias para a saúde.

Por todo exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita á corporación municipal do Concello de Betanzos a aprobación dos seguintes **ACORDOS** propostos pola Plataforma SOS Sanidade Pública:

1. Apoiar as reivindicacións da Plataforma SOS Sanidade Pública

2. Instar ao goberno municipal a difundir a través dos medios ao seu alcance a Manifestación convocada pola Plataforma SOS Sanidade Pública do día 6 de abril en Compostela e a facer un chamamento ao conxunto da veciñanza para participe nela.

Betanzos, 19 de marzo de 2025